



Exp. 46503/220

**ANUNCIO****PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE PRAZAS AXUDANTE DE OFICIOS (LABORAL), INCLUÍDA NA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE – OPOSICIÓN)****ANUNCIO SOBRE RESOLUCIÓN IMPUGNACIÓNS PREGUNTAS TEST, NOVAS PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO EXERCICIO E CONVOCATORIA APERTURA DO SOBRES DE FOLLAS DE IDENTIFICACIÓN****I.- ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ADOPTADOS EN SESIÓN DO 05/03/2026 SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:****I.- Documentos 260042702 (DNI \*\*\*7157\*\*), 260042729 (DNI \*\*\*9910\*\*) : Pregunta 4. Foi formulada nos seguintes termos:**

Entre los deberes de los funcionarios se encuentran los principios de conducta de los funcionarios. Señale la respuesta incorrecta (art. 54 Estatuto Básico Empleado Público):

- Se abstendrán en aquellos asuntos en los que tengan un interés personal, así como de toda actividad privada o interés que pueda suponer un riesgo de exponer conflictos de intereses con su puesto público.
- No aceptarán ningún trato de favor o situación que implique privilegio o ventaja injustificada, por parte de personas físicas o entidades privadas.
- Guardarán secreto de cualquier documento que tramiten.
- Actuarán de acuerdo con los principios de eficacia, economía y eficiencia, y vigilarán la consecución del interés general y el cumplimiento de los objetivos de la organización.

As persoas recorrentes solicitan a anulación da pregunta, alegando que, ademais da resposta seleccionada como incorrecta (opción c), o resto de alternativas ofrecidas como resposta son igualmente incorrectas, xa que ningunha aparece recollida no artigo 54 do Estatuto Básico do Empregado Público, que aparecía citado no enunciado da pregunta, senón que aparecen recollidas no artigo 53.

Visto o Estatuto Básico do Empregado Público, compróbase que ningunha das alternativas ofrecidas coma resposta aparecen recollidas no artigo 54.

En consecuencia, acórdase estimar a alegación e anular a pregunta 4.

**II.- Documentos 260042724, 260042745, 260042749, 260042753 (DNI \*\*\*5471\*\*), 260042637 (DNI \*\*\*6532\*\*) : Pregunta 9. Foi formulada nos seguintes termos:**

Un destornillador con punta de estrella se llama:

- Philips
- Estrellada
- Pozidriv
- De pala



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 1 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



O primeiro recorrente (DNI \*\*\*5471\*\*) alega que o órgano de selección considerou coma correcta a resposta c) Pozidriv, cando se debería considerar a resposta a) Philips, ou alternativamente anular a pregunta por confusa, aportando diversa bibliografía e documentación comercial na que os desparafusadores punta de estela aparecen denominados como Philips. O segundo recorrente (DNI \*\*\*6532\*\*) afonda nos mesmos argumentos, aportando novas referencias bibliográficas e comerciais, ademais da norma UNE 16520-1:2001, na que ambas opcións (Pozidriv PZ e Philips PH) aparecen recollidas coma desparafusadores en forma de cruz ou cruciformes. Solicita igualmente a anulación da pregunta ou modificación da resposta considerada coma correcta.

Revisada a norma UNE 16500 “Herramientas de maniobra para tornillos y tuercas. Vocabulario”, compróbase que tanto PH (Philips) coma PZ (Pozidriv) apreecen coa designación normalizada de cruciformes, polo que a pregunta foi designada nuns termos que xeran confusión.

En consecuencia, acórdase estimar as alegacións e anular a pregunta 9.

**III.- Documento 260042729 (DNI \*\*\*9910\*\*): Pregunta 12. Foi formulada nos seguintes termos:**

No es función del ayudante de oficios

- a) El cumplimiento de la normativa en relación a la prevención de riesgos
- b) Efectuar propuestas de mejora a sus superiores en relación con sus sistemas y procesos de trabajo
- c) Manejar toda la maquinaria y equipos usados en su oficio
- d) Colaborar en las operaciones de carga y descarga manual con ayuda de elementos mecánicos simples

A persoa recorrente alega que pregunta debe ser anulada, xa que todas as opcións de resposta son funcións a desempeñar polo axudante de oficios, incluso a resposta fixada coma correcta (opción c), alegando que o persoal axudante de oficios podería manexar toda a maquinaria de oficios.

Acórdase desestimar a alegación, xa que o persoal axudante de oficios, en relación coa maquinaria, pode únicamente “realizar labores elementais con máquinas sinxelas, entendendo por tales aquelas que non requiren adestramento nin coñecemento específico”, tal como ven recollido na “Guía de funcións” do Concello de Vigo para o posto “Axudante de Oficios”, e que se atopa no seguinte enderezo: <https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

**IV.- Documento 260042729 (DNI \*\*\*9910\*\*): Pregunta 19. Foi formulada nos seguintes termos:**

En una instalación eléctrica interior de baja tensión, ¿cuál debe ser el color del aislante en los conductores, según lo establecido en el Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión y sus instrucciones técnicas complementarias (Real Decreto 842/2002)?

- a) Se utilizará verde-amarillo para el conductor de protección
- b) Se utilizará amarillo para el conductor neutro
- c) Se utilizará el amarillo - verde para los conductores de fase
- d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 2 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A persoa recorrente alega que a resposta fixada coma correcta (opción a) é xenérica e confusa, xa que non se aclara ou non é concluinte en canto a distribución e as proporcións da cor no condutor, xa que en realidade é amarelo e ten unha franxa de cor verde lonxitudinalmente.

Acórdase desestimar a alegación, xa que a resposta correcta foi formulada nos mesmos termos nos que ven recollido na normativa de aplicación, e que aparecía citada no enunciado da pregunta (Reglamento Electrotécnico de Baja Tensión y sus instrucciones técnicas complementarias, Real Decreto 842/2002): *Al conductor de protección se le identificará por el color verde-amarillo*

**V.- Documento 260042648 (DNI \*\*\*6532\*\*), 260041017 (DNI \*\*\*5679\*\*): Pregunta 22. Foi formulada nos seguintes termos:**

En fontanería se denomina fluxor a:

- Pulsador que, mediante presión sobre el mismo, produce una descarga abundante de agua, de duración variable a voluntad, procedente de la red de distribución o de un depósito acumulador intermedio.
- Un grifo de cierre automático que se instala sobre la derivación de una instalación interior de agua para ser utilizada en el inodoro.
- Válvula de descarga de agua de un inodoro.
- Un dispositivo que permite regular la cuantía del caudal de agua de un inodoro

O primeiro recorrente alega que a resposta dada coma correcta (opción b) está recollida nunha norma derogada (Orden 09.12.1975 por la que se aprueban las Normas Básicas para las instalaciones interiores de agua) e ningunha das opcións se axustan a definición recollida na normativa de aplicación vixente actualmente (Real Decreto 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación – Documento Básico HS 4). O segundo recorrente solicita a anulación da pregunta, ao considerar que tanto a opción a) coma a opción b) serían respostas válidas.

Visto o Real Decreto 314/2006 por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación, compróbase que a normativa que recolle a opción dada por correcta (Orden 09.12.1975 por la que se aprueban las Normas Básicas para las instalaciones interiores de agua) foi derogada pola disposición derogatoria única do RD 314/2006. Compróbase ademáis que a definición de fluxor recollida no RD 314/2006 (“elemento de descarga que dispone de cierre automático y que al ser accionado permite el paso de un gran caudal durante el tiempo que permanezca accionado”) non se axusta a ningunha das opcións presentadas.

En consecuencia, acórdase estimar a alegación e anular a pregunta 22.

**VI.- Documento 260041017 (DNI \*\*\*5679\*\*): Pregunta 23. Foi formulada nos seguintes termos:**

Cuando damos un baño de asiento a una planta, decimos que estamos regando:

- Por goteo
- Por capilaridad
- Por aspersion
- Por regadera

A persoa recorrente alega que debe ser corrixida marcando como correcta a opción d) e non a b) como figura na plantilla.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 3 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Motiva a súa alegación indicado que unha rega de asento sería unha aplicación inicial de auga, que podería aportarse mediante cuba ou regadeira.

Acórdase desestimar a alegación, xa que a pregunta fórmulase preguntando por un baño de asento, non por un rega de asento. A técnica de inmersión ou baño de asento permite a rega das plantas por capilaridade, e tal como aparece tamén recollido en bibliografía de referencia (Ayudantes de Oficios Peones Especializados. Temario y Cuestionarios. Editorial Adams, ISBN 978-84-15393-96-2).

**VII.- Documento 260042729 (DNI \*\*\*9910\*\*): Pregunta 26. Foi formulada nos seguintes termos:**

En una nueva instalación de suministro de agua de consumo humano: ¿Qué material de los siguientes no emplearía en las tuberías?

- a) Polietileno
- b) Polipropileno
- c) Plomo
- d) No se puede emplear ninguno de los indicados en las respuestas anteriores

A persoa recorrente alega que debe ser corrixida marcando como correcta a opción d) e non a c) como figura na plantilla. Alternativamente, solicita que se anule a pregunta e se sustitúa por unha pregunta de reserva.

Motiva a súa alegación indicando que tal como está formulada a pregunta parecería que se podería utilizar calquera tubaxe de polietileno ou polipropileno. O alegante indica que as tubaxes de polietileno e polipropileno poden usarse para o consumo humano, pero cita algúns casos específicos de tubaxes de polietileno ou polipropileno que non se poderían utilizar para tal uso (cita casos nos que estes materiais se usan para uso agrícola, rega ou augas rexeneradas).

Acórdase desestimar a alegación, xa que a pregunta fórmulase preguntando polo material que non se empregaría para a subministración de auga de consumo humano. A única opción que se debe desbotar é a c), sendo o resto de materiais propostos de uso xeneralizado para a subministración de auga de consumo humano, sen menoscabo de que tamén se poidan empregar para outros usos. En consecuencia non sería correcto indicar que “no se puede emplear ninguno de los indicados en las respuestas anteriores”. O uso do polietileno e polipropileno para a subministración de auga de consumo humano aparece recollido amplamente na bibliografía de referencia, e tamén na normativa de aplicación: Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación, BOE 28/03/2014, Documento básico HS Salubridad – HS 4 Suministro de Agua: “ ...se consideran adecuados para las instalaciones de agua potable los siguientes tubos:...tubos de polietileno...tubos de polipropileno...Dada la alteración que producen en las condiciones de potabilidad del agua, quedan prohibidos expresamente los tubos de aluminio y aquellos cuya composición contenga plomo “. A prohibición do emprego das tubaxes de chumbo tamén aparece recollida no Real Decreto 3/2023 por el que se establecen los criterios técnico-sanitarios de la calidad del agua de consumo, su control y suministro (artigo 45).

**VII.- Documento 260042729 (DNI \*\*\*9910\*\*): Pregunta 27. Foi formulada nos seguintes termos:**

En las instalaciones de suministro de agua se denomina acometida a:

- a) La tubería que enlaza la instalación general del edificio con la red exterior de suministro
- b) El tramo de tubería comprendido desde la llave general del edificio hasta el contador



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 4 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- c) El tramo de tubería comprendido entre cada contador y los aparatos de consumo del abonado correspondiente
- d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta

A persoa recorrente alega que debe ser corrixida marcando como correcta a opción d) e non a a) como figura na plantilla. Alternativamente, solicita que se anule a pregunta e se sustitúa por unha pregunta de reserva.

Motiva a súa alegación indicando que a resposta proposta causa confusión, xa que ao indicarse que a tubaxe enlaza a instalación xeral do edificio coa rede exterior, estaríase a indicar que a auga circularía dende o edificio cara ao exterior.

Acórdase desestimar a alegación, xa que a resposta marcada coma correcta na plantilla reproduce textualmente a definición de acometida recollida na normativa de aplicación: Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, por el que se aprueba el Código Técnico de la Edificación, BOE 28/03/2014, Documento básico HS Salubridad – HS 4 Suministro de Agua no seu Apéndice A Terminología (*Acometida: tubería que enlaza la instalación general del edificio con la red exterior de suministro*).

II.- Polo órgano de selección tras examinar as alegacións presentadas procedeuse a anular as preguntas 4, 9 e 22 entrenado a formar parte da calificación a segunda, terceira e cuarta de reserva, sendo a resposta correcta das de reserva: 32-A, 33-A, 34-C. Desestimáronse as restantes alegacións.

III.- O resultado do test unha vez recalificado con esta circunstancia é o seguinte

### RESULTADO PRIMEIRO EXERCICIO TEST

ID	Ben	Mal	NC	Nota
415660	21	5	4	6.167
415773	26	3	1	8.167
415886	18	9	3	4.500
415999	23	3	4	7.167
416093	29	1	0	9.500
416106	25	5	0	7.500
416219	23	2	5	7.333
416332	20	2	8	6.333
416445	25	4	1	7.667
416558	13	13	4	2.167
416671	18	4	8	5.333
417682	23	5	2	6.833
417795	25	4	1	7.667
417808	17	13	0	3.500
417921	27	3	0	8.500



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 5 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ID	Ben	Mal	NC	Nota
418015	17	5	8	4.833
419591	24	6	0	7.000
419604	26	0	4	8.667
419717	26	0	4	8.667
419830	20	5	5	5.833
419943	22	8	0	6.000
420034	15	9	6	3.500
420147	22	5	3	6.500
420260	25	5	0	7.500
420373	28	1	1	9.167
420486	25	3	2	7.833
420599	27	2	1	8.667
420612	16	13	1	3.167
420725	19	2	9	6.000
420838	21	4	5	6.333
420951	12	8	10	2.667
421045	26	4	0	8.000
421158	18	3	9	5.500
421271	21	3	6	6.500
421497	22	3	5	6.833
421510	28	2	0	9.000
421623	14	7	9	3.500
421736	21	5	4	6.167
421849	24	4	2	7.333
421962	18	12	0	4.000
422056	24	1	5	7.833
422169	27	2	1	8.667
422282	29	1	0	9.500
422395	25	1	4	8.167
422408	22	7	1	6.167
422521	21	3	6	6.500
422634	21	3	6	6.500
422747	22	7	1	6.167
422860	15	5	10	4.167
422973	30	0	0	10.000
423067	25	1	4	8.167
423180	23	7	0	6.500
423293	22	1	7	7.167
423306	20	2	8	6.333
423419	24	4	2	7.333
423532	25	5	0	7.500
423645	11	19	0	0.500





ID	Ben	Mal	NC	Nota
423758	26	2	2	8.333
423871	16	11	3	3.500
430041	19	10	1	4.667

Contra as novas puntuacións do primeiro exercicio caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que os/as intersados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a Dereito.

**IV.-** Comunicar aos/ás aspirantes que polo órgano de selección realizarase sesión pública o xoves día 23 de marzo de 2026 ás 9:30, para a apertura do sobre de follas de identificación. A devandita apertura realizarase na Conserxería, na planta baixa da Casa Consistorial.

Vº e Prace: O presidente do órgano de selección      O secretario do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2026 11:38	Páxina 7 de 7
3740-232	CSV: ADB1AE-E4863E-2223A4-7W36C3-83NDB1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		